

Descrición do percorrido

A excursión que imos facer discorre polos montes que rodean Laxe polo que as vistas sobre a vila e a súa contorna, son o seu principal aliciente.

Iniciamos o noso percorrido na Praza de Ramón Xuega, pasando baixo o túnel da "Casa do Arco" (estilo gótico) e dirixímonos pola rúa Real cara a Igrexa de Santa María da Atalaia (estilo gótico mariñeiro). Camiñando entre as rúas de Laxe subimos cara a Ermida de Santa Rosa de Lima, onde podemos contemplar unhas fermosas vistas da ría de Corme e Laxe.

Deixamos a vila as nosas costas, e descendemos cara a praia de Soesto, atravesada dolo Rego do mesmo nome, practicamente oculto pola cantidade de calas que medran nas suas beiras. Pouco despois de cruzar a Ponte desvíamonos por un camiño polo que ascendemos cara o Monte do Catasol que nos ofrece unhas bonitas vistas dos penedos e val de Traba. Continuamos entre piñeiros por un sendeiro que nos conduce a unha pista máis ancha que, en descenso, nos leva ata a estrada. Tras atravesala subimos por outra pista ata o Miradoiro do Monte da Lagoa. Dende este emprazamento temos excelentes panorámicas: a nosa esquerda "os penedos de Traba" e baixo deles, na linea de costa, Arou e Camelle; enfrente "O Val de Traba e a súa lagoa"; e a nosa dereita "O Val de Serantes", Corme e Laxe.

Despois de contemplar tan fermosas vistas baixamos por un sendeiro cara a estrada que nos conduce ao lugar de Coens, zona de antigas explotacións mineiras de caolín. Dende o pobo parte unha pista que cresteando os montes de Serantes nos leva ao Cruceiro da Portela. Seguimos cara as primeiras casas da Fontefría onde comenzamos, por un bonito camiño, a subida cara ao Miradorio do monte "Castelo de Lourido". As vistas dende aquí son abraiantes: pola costa Laxe, Corme e o Esteiro do Anllons; cara ao interior os Concellos de Cabana e Zás.

Facemos a derradeira baixada do día entre sendas e camiños que nos levan, tras pasar polos lugares de Lourido de arriba e Lourido de abaixo, a estrada que empata co paseo marítimo de Laxe..... e merecida cerveciña.


Distancia aproximada: 19 Km

Dificultade: media.

Altura mínima: 3 m

Altura máxima: 312 m

Mapa de situación



PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 15-06-14 *Camino de Ferradal o de Caleira (LU)*
- ✓ 21-09-14. *Ribeiras do río Loio (LU)*
- ✓ 19-10-14 *Fraga do río Barragan (PO)*
- ✓ 16-11-14. *Val do Seo. Bierzo (LE)*
- ✓ 14-12-14 *Sendas verde Ordenes-Cerceda (C)*



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA

ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



18 de maio de 2014

**POLOS ARREDORES DE LAXE .
(LAXE. A CORUÑA)**

